

«A OUTRA VOZ» VERÓNICA MARTÍNEZ DELGADO E ALBERTE MOMÁN

Contra a violencia

R. NICOLÁS | Galardoado na IX edición do premio de poesía erótica Illas Sisargas, *A outra voz* é un libro singular. Escrito a catro mans, ensaia poeticamente —ben puidera ser adaptándose a outro xénero calquera, aínda que aquí salienta de seu a transparencia, concisión e limpeza expresiva que o domina— unha abordaxe esmagadora centrada no proceso de cousificación da muller e á súa vulnerabilidade. Alude concretamente ao proceso de deshumanización e ás devastadoras consecuencias que se poden derivar respecto da violencia xinecolóxica e obstétrica, asunto que en parte xa ocupara a obra teatral *Xudite*, de Marcos Abalde.



«A OUTRA VOZ»

POESÍA • Verónica
Martínez Delgado
e Alberto Momán •
Caldeirón • 46 páxinas •

10 euros



Alberte Momán, Paco Souto (da asociación Caldeirón) e Verónica Martínez Delgado, na entrega do Premio Illas Sisargas 2014. ANA GARCÍA